

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA
Curso 2022-2023

IES PEDRA DA AGUIA

Índice

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	1
2 OBXECTIVOS DA ESO.....	1
3 TECNOLOXÍA 2º ESO.....	3
3.1 CONTRIBUCIÓN ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	3
3.2 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	5
3.2.1 TEMPORIZACIÓN.....	5
3.2.2 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	7
3.3 METODOLOXÍA.....	11
3.4 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	12
3.4.1 MATERIAL NECESARIO PARA O ALUMNADO.....	12
3.4.2 RECURSOS.....	12
3.5 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO....	13
4 AVALIACIÓN: CONSIDERACIÓNS XERAIS PARA AS MATERIAS DO DEPARTAMENTO.....	16
4.1 CRITERIOS E SISTEMAS DE RECUPERACIÓN.....	16
4.2 REALIZACIÓN IRREGULAR DE PROBAS.....	16
4.3 SISTEMAS EXTRAORDINARIOS DE AVALIACIÓN.....	17
4.4 CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.....	17
5 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	18
6 MATERIAS PENDENTES.....	19
7 AVALIACIÓN INICIAL.....	20
8 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	21
9 ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	21
10 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	22
11 ACCIÓNS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR.....	22
12 ACCIÓNS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.....	22
13 ACCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE.....	23
14 REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	23
15 ACTUACIÓNS E ADAPTACIÓNS PARA POSIBLES ESCENARIOS DE CONFINAMENTO TOTAL OU PARCIAL.....	24

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O departamento de Tecnoloxía é unipersoal (Gema Elena Lois Gómez) e faise cargo das materias de Tecnoloxía e Dixitalización en 1º ESO (nova materia na LOMLOE) e Tecnoloxía en 2º ESO (LOMCE), coa seguinte carga horaria:

Materia	Curso	h/semana	Grupos	h/semana
Tecnoloxía e Dixitalización	1º	3	2	6
Tecnoloxía	2º	3	2	6
Total de horas do departamento				12

- A programación de Tecnoloxía e Dixitalización faise a través da plataforma PROENS.
- Os grupos de 1º ESO son de 25 estudantes cada un, repartíndose entre eles 8 alumnos con ACS, TDAH ou importantes dificultades de aprendizaxe. Os grupos de 2º son de 20 e 21 alumnos, respectivamente. Solicitouse á dirección do centro a realización de desdobres para poder atender as necesidades individuais do alumnado, especialmente na parte de informática e taller, pero comezamos o curso sen eles e sen resposta á solicitude.

A docente do departamento é a responsable da Dinamización do uso das TIC e da coordinación do programa E-Dixgal, con 5 horas de adicación a estas tarefas.

2 OBXECTIVOS DA ESO

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan

discriminación entre homes e mulleres, e as manifestacións de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3 TECNOLOXÍA 2º ESO

3.1 CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O Decreto 86/2015 establece as seguintes competencias clave do currículo:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competenc. básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A comunicación lingüística desenvólvese na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. As competencias matemática e en ciencia e tecnoloxía poden acadarse aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos, deseñando algoritmos e analizando o funcionamento de programas. A competencia dixital, desenvolverase co emprego das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos ou para elaborar programas que sirvan para resolver problemas. Para aprender a aprender, as actividades deben permitir que o alumnado tome decisións cun certo grao de autonomía, organice o proceso da propia aprendizaxe e aplique o aprendido a situacións cotiás para poder avaliar o resultado. As competencias sociais e cívicas acadaranse buscando o alumnado traballe en equipo, interactúe de forma democrática e respecte a diversidade e as normas, e mediante a análise da interacción entre as TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que producen. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos para a web. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

A contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave pode entenderse a través da relación entre estas e os estándares de aprendizaxe avaliáveis, tal e como se recolle na seguinte táboa:

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	C C L	C M C C T	C D	C A A	C S C	C S I E	C C E C
B1: Proceso resoluc. de problemas tecnolóxicos	1. Deseña prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	2. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
	3. Constrúe prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxico	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	
	4. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
B2: Expresión e comunic. técnica	5. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>			
	6. Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>			
	7. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
B3: Materiais de uso técnico	8. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
	9. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiáns.		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>			
	10. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación de materiais.		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
	11. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
B4: Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control	12. Describe audiovisual ou dixital, as caract. propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en info. escrita.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
	13. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
	14. Describe mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
	15. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.		<input type="checkbox"/>					
	16. Explica a función dos elementos que configuran máquina ou sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
	17. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	C C L	C M C C T	C D	C A A	C S C	C S I E E	C C E C
	18. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.							
	19. Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zoadores, motores, baterías e conectores.							
	20. Deseña circ. eléctricos básicos, con software especif. e simboloxía axeitada e experimenta cos elem.que o configuran							
B5: Tecnolo- xías da info. e da comuni- cación	21. Identifica as partes dun computador.							
	22. Manexa programas e software básicos.							
	23. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.							
	24. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.							
	25. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.							

3.2 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

3.2.1 TEMPORIZACIÓN

Blo que	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN Avaliación
1	1. Deseña prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Todas (*)
	2. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	
	3. Constrúe prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxico	
	4. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	
2	5. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	1ª
	6. Interpreta esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	1ª
	7. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	Todas
3	8. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	Prop. xerais: 1ª

Blo que	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN Avaliación
		Madeira,metal:2ª
	9. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiáns.	1ª e 2ª
	10. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación de materiais.	Todas (*)
	11. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	Todas (*)
4	12. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en informac. escrita.	2ª
	13. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	2ª
	14. Describe mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	3ª
	15. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	3ª
	16. Explica a función dos elementos que configuran máquina ou sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	3ª
	17. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	3ª
	18. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	3ª
	19. Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zoadores, motores, baterías e conectores.	3ª
	20. Deseña circuítos eléctricos básicos, con software especif. e simboloxía axeitada e experimenta cos elementos que o configuran.	3ª
5	21. Identifica as partes dun computador.	1ª
	22. Manexa programas e software básicos.	Todas
	23. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	Todas
	24. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	Todas
	25. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	3ª

(*) Os estándares marcados corresponden a traballo no taller, que se comezará a desenvolver ca actual distribución de grupos, sen desdobres, pero poderá ser suspendido se se observa que non se pode conseguir o axeitado aproveitamento dese tempo, para adicalo ós demais contidos da materia.

3.2.2 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Bloque	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1	Deseña prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo e cumpre os requirimentos mínimos enunciados na proposta.	• Entrega de documentación asociada ó deseño do prototipo. Instrumento: Escala de valoración ou rúbrica (ev. /rúb.)
	Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	Elabora a memoria técnica do proxecto.	• Entrega da documentación técnica que debe acompañar o proxecto. (ev. /rúb.)
	Constrúe prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxico	Obtén unha cualificación positiva (o prototipo cumpre os requirimentos mínimos enunciados na proposta e funciona) como mínimo na metade dos proxectos técnicos realizados.	• Construción dun prototipo a partir do deseño realizado e da documentación técnica elaborada. (ev. /rúb.)
	Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	Evoluciona positivamente no traballo e na realización de proxectos e prácticas.	• Observación do alumnado na aula. (ev. /rúb.)
2	Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	Representa mediante vistas obxectos sinxelos e emprega adecuadamente criterios normalizados de cotación e escala.	• Realización de prácticas de representación mediante vistas. (ev.) • Probas prácticas. • Elaboración dos planos do proxecto realizado. (ev. /rúb.)
	Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecno.	Interpreta esbozos e bosquexos de produtos tecnolóxicos sinxelos.	• Realización de exercicios (ev. /rúb.)
	Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	Realiza debuxos simples empregando programas de debuxo vectorial como LibreOffice Draw. Emprega un procesador de textos para elaborar documentos e realiza un formato básico.	• Elaboración da documentación do proxecto técnico. (ev. /rúb.) • Prácticas de debuxo vectorial. (ev. /rúb.) • Probas prácticas.

Bloque	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
3	Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	Describe as características propias das madeiras e dos metais.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de traballos monográficos de investigación. • Proba escrita.
	Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiáns.	Identifica madeira e metais en obxectos técnicos cotiáns.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de exercicios • Proba escrita
	Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación de materiais.	Identifica e manipula con seguridade as ferramentas que emprega na construción do prototipo.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación do alumnado no taller. (ev. /rúb.)
	Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	Elabora un plan de traballo secuenciado tendo en conta as normas básicas de seguridade no taller.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización da planificación do traballo dentro da documentación previa que é necesaria para a realización de proxectos e prácticas no taller.
4	Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	<p>Identifica as características dos diferentes tipos de estrutura.</p> <p>Identifica os elementos resistentes en diferentes tipos de estruturas: piares, trabes, tensores, alicerces, barras, etc.</p> <p>Razoa criterios de rixidez, estabilidade e resistencia en estruturas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de exercicios. • Proba escrita.
	Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	Identifica os esforzos de tracción, compresión, flexión, torsión e corte nunha estrutura. Realización de exercicios.	<ul style="list-style-type: none"> • Proba escrita.

Bloque	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	Describe mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	Describe a transformación e transmisión do movemento en mecanismos básicos.	<ul style="list-style-type: none"> • Proba escrita.
	Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	Calcula a relación de transmisión en sistemas formados por dúas poleas ou dúas engrenaxes.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de exercicios. • Proba escrita..
	Explica a función dos elementos que configuran máquina ou sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	Identifica os elementos mecánicos nun obxecto. Explica a función do elemento na máquina. Coñece os mecanismos de transformación de movemento máis empregados nas máquinas.	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicios de análise de obxectos de uso cotián centrado nos mecanismos que os integran. • Proba escrita.
	Simula mediante software específico e con simboloxía normalizada sist. mecánicos.	Simula mediante software específico como <i>Relatran</i> sistemas mecánicos simples.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de prácticas de simulación de sistemas mecánicos simples. (ev. /rúb.)
	Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	Deseña e monta sistemas mecánicos integrados por dous elementos.	<ul style="list-style-type: none"> • Deseño e construción dun prototipo que incorpore sistemas mecánicos cunha función determinada. (ev. /rúb.) • Elaboración da memoria técnica. (ev. /rúb.)
	Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zoadores, motores, baterías e conectores.	Deseña e monta circuítos eléctricos básicos que incorporan un elemento receptor.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de prácticas de deseño e montaxe de circuítos. (ev. /rúb.) • Probas prácticas.
	Deseña circ. eléctricos básicos, con software específ. e simboloxía axeitada e experimenta cos elementos que o configuran.	Emprega software de simulación como <i>CrocoClip</i> para simular un circuíto eléctrico.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de prácticas de simulación de circuítos eléctricos básicos software específico.

Bloque	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
5	Identifica as partes dun computador.	Identifica as partes básicas dun computador.	<ul style="list-style-type: none"> • Proba escrita.
	Manexa programas e software básicos.	Manexa o procesador, a folla de cálculo e o programa de debuxo de LibreOffice, software instalado nos portátiles de E-Dixgal.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de prácticas. • Proba práctica.
	Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	Utiliza adecuadamente o ordenador asignado. Coñece as medidas de seguridade relativas á preservación de datos de carácter persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa na realización de prácticas. (lista control)
	Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	Elabora, presenta e difunde información empregando equipamentos informáticos.	<ul style="list-style-type: none"> • Entrega de traballos e proxectos técnicos empregando equipamentos informáticos. • Presentación ante os compañeiros. (ev. /rúb.)
	Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	Emprega software de programación gráfica (Scratch) para realizar programas básicos, como resposta a un problema simple.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de prácticas con Scratch. (ev. /rúb.) • Proba práctica

3.3 METODOLOXÍA

A área de Tecnoloxía debe facilitar a adquisición duns hábitos intelectuais e dunhas destrezas técnicas que lle permitan ó alumnado identificar situacións problemáticas da vida cotiá e formular, con espírito innovador e creativo, vías posibles de solución e formas de avaliar as súas consecuencias.

Por tanto, a metodoloxía debe estar fundamentada en tres principios.

- A adquisición duns coñecementos científico-técnicos necesarios para a comprensión e o desenvolvemento de actividades tecnolóxicas básicas.
- A adquisición da dimensión práctica destas capacidades ó aplicalas á análise, manipulación e transformación de obxectos e sistemas tecnolóxicos.
- A posibilidade de emular procesos de resolución de problemas prácticos, a través dunha acoutada metodoloxía de proxectos, coma síntese globalizada das actividades precedentes.

Así, a continuación expóñense as pautas xerais a seguir no desenvolvemento das sesións:

- Cada unidade comezará con actividades en gran grupo que pretendan detectar os coñecementos previos que o alumnado ten sobre a materia.
- A continuación procederase a realizar unha exposición dos contidos teóricos da unidade, alternando con actividades para acadar unha boa comprensión da materia.

As actividades poden ser:

- Boletín de problemas e actividades.
 - Simulacións con software específico.
 - Realización de esquemas.
 - Prácticas no taller.
 - Realización de actividades de webs.
 - Proxecto tecnolóxico.
- Os materiais a empregar para as clases, presentacións, boletíns de actividades, temas teóricos, ligazóns, etc., serán compartidos co alumnado a través do EVA de E-Dixgal.
 - Finalmente realizarase unha proba escrita ou a través da aula virtual para avaliar os coñecementos adquiridos.
 - No caso dos contidos de informática, habitualmente a proba será práctica.
 - Dependendo da materia por avaliar acumulada, nunha mesma proba poderase avaliar a adquisición de aprendizaxes correspondentes a varias unidades.
 - Trataranse de combinar na mesma proba preguntas con diferente presentación

(test, resposta curta, V/F razoadas, desenvolvemento dun tema, problemas, definición de termos, etc.).

- Ademais de todo o anterior, trataranse de realizar proxectos tecnolóxicos.
- Para axudar a afianzar os coñecementos adquiridos poderase empregar o método de análise de obxectos, no que se realizará un estudo no que se inclúan os seus aspectos anatómico, funcional, técnico, económico, histórico, etc.

Adaptación da metodoloxía no caso de desenvolvemento non presencial da actividade lectiva: ver apartado 15.

3.4 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

3.4.1 MATERIAL NECESARIO PARA O ALUMNADO

- Material de Debuxo:

- | | |
|-----------------------|---------------------------------------|
| - Escuadro e cartabón | - Transportador de ángulos |
| - Regra de 30-40 cm | - Lapis ou portaminas de dureza media |
| - Compás | - Goma de borrar |

Como norma xeral, o material que se empregue nas prácticas e na realización de proxectos tecnolóxicos non precisará ser mercado polo alumnado.

- Outro material:

- Caderno fino de cadros ou arquivador, tamaño folio
- Tesoiras e barra de pegamento
- Calculadora científica
- Se fora necesario para o proxecto tecnolóxico, pilas, material de refugallo, etc.

3.4.2 RECURSOS

Empregarase o EVA de Edixgal, onde se seleccionarán contidos das editoriais que forman parte do proxecto, aloxaranse materiais de produción propia e ligaranse outros compartidos na rede con licenzas libres.

3.5 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

Apartado A. Unha parte da nota destínase a valorar:

1. Coñecemento e comprensión dos conceptos, termos e simboloxía relacionados con cada unidade didáctica.
2. Capacidade para a aplicación dos conceptos teóricos adquiridos á resolución de cuestións e problemas.
3. Capacidade para explicar o funcionamento dos aparellos construídos, utilizando a información facilitada.
4. Coñecemento das ferramentas e material empregados.

A valoración realizarase a través de:

- Probas escritas, de cada unha ou dúas unidades didácticas, dependendo da materia e as necesidades temporais para o desenvolvemento da programación.
- Traballos monográficos individuais.
- Exercicios realizados na aula.
- Caderno persoal (debe recoller o traballo da casa, o realizado na clase, as anotacións e explicacións que a profesora faga na clase, etc.).
- Análise de obxectos.

Apartado B. Unha parte da nota destínase a valorar:

1. Traballo práctico na aula de informática: almacenamento da información, manexo de software de ofimática, manexo de software específico, etc.
2. Planificación correcta do proceso de traballo, seguimento dese proceso e contribución no momento preciso do material de refugallo necesario.
3. Uso correcto das ferramentas, aproveitamento dos materiais, organización do traballo en equipo, sabendo responsabilizarse das tarefas encomendadas.
4. Funcionamento, consistencia, economía, acabado e estética do aparello construído.
5. Capacidade de aplicar á práctica os coñecementos teóricos adquiridos.
6. Cumprimento das normas de seguridade e hixiene no traballo.

A valoración realizarase a través de:

- Prácticas e actividades na aula de informática.
- Exames prácticos na aula de informática.

- Proxectos tecnolóxicos.
- Memoria-informe individual do proxecto. A cualificación obtida na memoria suporá ata un 25% da referida ó proxecto tecnolóxico.
- Notas diarias individuais da profesora sobre o traballo práctico (proxectos/informática).
- Prácticas, con entrega de ficha individual de seguimento das prácticas.

Apartado C. Unha parte da nota destínase a valorar a actitude do alumno, tendo en conta:

- Asistencia a clase co convertible completamente cargado.
- Realización das tarefas propostas.
- Apuntamento axeitado das explicacións e anotacións da profesora no encerado.
- Realización do diario de taller no caderno.
- Participación.
- Atención ás explicacións e tolerancia ante opinións distintas da propia.
- Coordinación e compañeirismo no traballo en grupo.
- Coidado dos equipos informáticos.

Os contidos actitudinais avalíaranse por observación directa. O alumnado será cualificado de partida coa totalidade da puntuación correspondente a este apartado. Cada vez que as súas actitudes non cumpran cos puntos anteriormente detallados, poderá aplicarse unha redución de 0,2 puntos.

Considérase proporcional a ponderación de cada un dos estándares de aprendizaxe, pero non a dos instrumentos de avaliación, logo a cualificación de cada avaliación calcularase de xeito que o peso previsto para cada un dos apartados na nota final é o seguinte:

2º ESO	
A:	ata 65% da nota
B:	polo menos 30%: informática + proxectos
C:	5%

As porcentaxes aquí recollidas son unha orientación e serán adaptadas ás modificacións que se fagan na programación de xeito que sexan aproximadamente proporcionais á cantidade de horas adicadas a cada apartado.

En cada trimestre

- Logo de cada unidade didáctica ou cada dúas realizarase unha proba.
- Cando os alumnos traballen en grupo non todos eles teñen que levar a mesma nota, xa que dependerá do grao de implicación de cada un no proceso e non só do resultado final.
- Poderán proporse ó alumnado traballos e lecturas de realización voluntaria que incrementarán ata $\frac{1}{2}$ punto a cualificación final do trimestre en que se leven a cabo.
- A falta de asistencia a unha proba debe ser debidamente xustificada ou será cualificada con cero.
- En certos casos e de forma excepcional, á hora de cualificar pódese ter en conta o punto de partida do alumno e o seu progreso ou as circunstancias que poidan influír nos resultados, sempre coa intención de favorecelo.

Avaliación final

- A materia considérase aprobada se a nota final é de 5 ou máis.
- A nota final da materia calcularase coa media das cualificacións obtidas nas tres avaliacións (recalculadas, de ser o caso, tendo en conta as recuperacións realizadas durante o curso).

Período do 5 ó 22 de xuño:

- O alumnado que teña a materia aprobada, poderá subir a nota final (ata un 10%) coa realización de tarefas de ampliación.
- O alumnado que non acadara o 5 realizará actividades de reforzo encamiñadas a acadar os mínimos esixibles na materia, que se valorarán cunha proba final das partes da materia suspensas (escrita, práctica, oral ou un traballo). Teranse en conta as cualificacións das avaliacións aprobadas durante o curso para facer de novo o cálculo da nota. A materia estará aprobada se se acada o 5. Porén, a cualificación final do alumno non será nunca superior a 5.

Calquera avaliación ou convocatoria considerárase superada se se acada unha media de 5 ou máis. Posto que esta cualificación debe ser un número sen decimais, con carácter xeral, cando a cualificación sexa inferior a 5 truncarase e cando sexa igual ou superior a 5, arredondarase.

4 AVALIACIÓN: CONSIDERACIÓNS XERAIS PARA AS MATERIAS DO DEPARTAMENTO

4.1 CRITERIOS E SISTEMAS DE RECUPERACIÓN

- Cando un alumno non acade o 5 na nota media dun trimestre, deberá recuperar as probas teóricas e prácticas que teña suspensas. Se acadara o 5, darase por aprobada toda a materia desa avaliación, aínda que haxa algunha parte suspensa.
- Preferentemente realizarase a recuperación ó final do trimestre, non necesariamente antes da reunión da xunta de avaliación, ou ó principio do seguinte e sempre que o desenvolvemento da programación o permita, podendo ser atrasada ata xuño.
- As probas de recuperación cualificaranse a efectos de facer media cun máximo de 5 puntos.
- As prácticas de informática e taller incompletas ou non entregadas e as memorias individuais e traballos que non acaden o mínimo esixible, poderase pedir que sexan corrixidas ou repetidos. Para as prácticas, memorias e traballos entregados fóra de prazo, fixarase unha nova data de entrega. En tódolos casos a cualificación obtida na tarefa reducirase un 20% para facer os cálculos da nota do trimestre.
- O alumnado que non acade o 5 na media das cualificacións das avaliacións deberá examinarse trala terceira avaliación das partes que suspendera durante o curso.

4.2 REALIZACIÓN IRREGULAR DE PROBAS

Se se detecta algún alumno realizando unha proba de xeito irregular, procederase como segue:

- Se se atopa consultando algún tipo de apuntamento, en calquera soporte, retiraráselle a proba, que será cualificada cun cero. Os apuntamentos tamén se lle retirarán para achegalos á proba.

- Se se detecta algunha consulta a un compañeiro, procederase como segue:

1º vez: amoestación verbal e baixada de un punto na proba.

2º vez: amoestación verbal e retirada do exame.

Isto aplicarase tanto a quen realice a consulta como a quen a atenda.

Cando exista a sospeita fundada de que se consultaron apuntamentos ou compañeiros ó realizar unha proba, aínda que isto non se detectara durante o

desenvolvemento da mesma, a profesora poderá facer unha proba de contraste que trate dos contidos obxecto da sospeita.

4.3 SISTEMAS EXTRAORDINARIOS DE AVALIACIÓN

Para aqueles alumnos aos que, por exceder o número máximo de faltas permitidas, non se lles poida aplicar a avaliación continua, arbitraranse os seguintes sistemas de avaliación:

- Realización de traballos por escrito
- Realización de traballos prácticos ou proxectos
- Realización de exames extraordinarios, orais, escritos, no ordenador ou a través da aula virtual
- Realización de prácticas con software e entrega das mesmas na aula virtual

Estas medidas aplicaranse aos contidos que o alumno perdesa, sexa unha unidade, varias unidades, unha avaliación ou varias. Queda ó criterio da profesora a elección de un ou de varios dos instrumentos de avaliación dispoñibles.

4.4 CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Salvo en casos nos que se faga unha xustificación exhaustiva en base á traxectoria do alumno e non fundamentada unicamente en futuribles, o Departamento de Tecnoloxía oporase a que os alumnos promocionen con 5 ou máis materias suspensas, xa que se considera que non hai perspectivas razoables de recuperación.

No caso de que o número de materias suspensas sexa inferior ó indicado, o voto favorable ou non á promoción do alumnado decidírase tras escoitar á xunta de avaliación. Verase condicionado especialmente se as materias suspensas inclúen instrumentais, se as cualificacións nelas non acadan o 3 ou se o alumnado non amosou esforzo e progreso durante o curso.

5 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Planificación	<ul style="list-style-type: none"> • Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe. • Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo. • Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo. • Planifica as clases de maneira aberta e flexible. • Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula (aula: ordinaria, taller ou de informática). • Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula. • Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe • Coordínase co profesorado doutros departamentos.
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> • Dá a coñecer a planificación da práctica na aula-taller proporcionando unha visión de conxunto ó comezo dos bloques de contidos e sesións de traballo. • Establece canles para comunicación sexa fluída dentro e fóra da aula-taller. • Proporciona ó alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novidosos. • Fomenta un bo ambiente na aula. • Promove a participación activa do alumnado. • Posibilita a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos. • Relaciona contidos, proxectos e actividades cos intereses do alumnado. • Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos. • Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novidosos que motiven ó alumnado.

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> • Repasa ó comezo da sesión os contidos traballados en sesións anteriores • Utiliza exemplos na introdución de novos contidos. • Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo. • Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ó alumnado. • Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo. • Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. • Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral. • Establece medidas que permitan introducir melloras. • Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando onde o alumnado pode e debe introducir melloras. • Realiza indicacións durante a realización do traballo práctico na aula. • Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo. • Favorece os procesos de autoavaliación. • Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. • Informa ó alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

6 MATERIAS PENDENTES

- Aqueles alumnos que teñan materias pendentes de cursos anteriores seguirán un programa de recuperación no que se realicen probas parciais, co obxecto de fraccionar a materia a avaliar. Os exames realizaranse preferentemente a través de cuestionarios na aula virtual.
- O alumnado será avaliado dos contidos teóricos que constan na programación didáctica do ano en que cursou a materia e da parte práctica de informática.
- A través da aula virtual entregaranse ó alumnado boletíns de problemas e actividades dos que se extraerán o tipo de cuestións que formen parte do exame.

No caso de informática, proporánselle diversas prácticas.

- Non se recollerán os boletíns individuais nin as prácticas para a súa avaliación e só, se o alumno o solicita, poderán ser recollidos para a súa corrección.
- A avaliación do alumnado farase unicamente a través das probas mencionadas e da parte práctica de informática.
- O alumnado obterá a valoración positiva na materia se acadara un 5 na media das probas parciais realizadas durante o curso. Se non é así, ten dereito a realizar no mes de maio unha proba global ou das partes suspensas. Se de novo non acadara o aprobado, pode realizar unha proba extraordinaria no mes de xuño, sobre tódolos contidos da materia.
- Haberá apoio a pendentes para aclarar dúbidas sobre os contidos das unidades e as actividades dos boletíns. Realizarase cando o alumnado o requira e en horario acordado ca profesora, ben nun recreo (máximo dúas persoas e do mesmo grupo-clase), ben a través de videoconferencia.

O calendario do programa de recuperación de pendentes publícase no apartado Departamentos/Tecnoloxía/Pendientes da páxina web do centro, no curso da aula virtual creado para compartir o material co alumnado con materia pendente, e no calendario de exames da web.

7 AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial está dirixida tanto a detectar o nivel de coñecementos previos do alumnado como a detectar necesidades educativas específicas dentro do grupo. Realizarase durante os primeiros días do curso por medio de preguntas orais e cuestionarios sinxelos sobre os contidos básicos da propia materia e doutras que resultan instrumentais para a mesma.

En vista dos resultados da avaliación inicial, por unha parte repasaranse contidos se é necesario e, por outra, coordinarase co Departamento de Orientación as accións necesarias para a atención específica do alumnado que o precise (ver apartado Medidas de atención á diversidade).

8 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Departamento de Tecnoloxía tentará atender á diversidade de características que presente o alumnado coas seguintes medidas:

- Colaboración co Departamento de Orientación na realización de ACS para aqueles alumnos que o precisen.
- Ampliación de tempo na realización de probas
- Solicitud de desdobres á dirección para posibilitar a atención individual na realización das prácticas, tanto en taller como en informática.
- Adaptación dos exercicios e traballos en cantidade e/ou nivel dos mesmos, tanto para o alumnado con dificultades de aprendizaxe como para aquel máis avanzado.
- Dispoñibilidade por parte da profesora para reunirse fóra do horario da materia co alumnado que precise atención personalizada.

Ademais dos casos en que se determine necesario trala xunta de avaliación inicial, en 2º ESO traballarase con material adaptado e seguindo unha ACS cun alumno e prevese dar Reforzo educativo, simplificando as probas, a tres estudantes máis.

9 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- Expresión oral e escrita: o alumnado ten que elaborar memoria técnica unha vez rematado o proxecto. Por outra parte, ten que realizar traballos monográficos sobre diferentes temas e poden pedirse exposicións orais apoiadas en presentacións.
- TIC: ademais de tratar de forma específica as TIC nos contidos da materia, empréganse na busca de información para os proxectos e traballos, no traballo de contidos a través de diferentes páxinas web interactivas e no traballo con software de simulación.
- Emprendemento: a través da realización de proxectos tecnolóxicos, onde o alumnado debe ter iniciativa e creatividade.
- Educación cívica: o traballo en equipo para desenvolver de forma conxunta un proxecto tecnolóxico, obriga ó diálogo e o respecto por posicións diferentes da propia.
- Prevención da violencia: a formación de grupos mixtos para a realización de proxectos axuda a valorar a muller en igualdade nunha área de traballo tradicionalmente masculina.

10 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Ofreceráse ó alumnado participar na dotación de contido á web do centro, en apartados do seu interese.
- Valorarase a realización dunha visita a sistemas onde se vexa a aplicación dos mecanismos para o aproveitamento da enerxía da auga: batáns do Mosquetín, muíño de marea de Cereixo, central hidroeléctrica. Tratarase de coordinar a saída con outro departamento para aproveitar o desprazamento do alumnado.

11 ACCIÓNS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

Actividades para o fomento da lectura (FL), da escritura (FE) e da busca bibliográfica (BB)

Actividade	Tipo
Lectura de textos específicos relacionados con temas de actualidade ou curiosidades do mundo da Tecnoloxía e resolución de cuestións sobre eles para facilitar a súa comprensión.	FL
Análise do vocabulario descoñecido dos textos anteriores.	FL
Elaboración de memoria técnica do proxecto tecnolóxico realizado.	FE, BB
Análise de obxectos. Elaboración dun documento onde se analiza dende os puntos de vista: funcional, formal, estético, ambiental, etc.	FE, BB
Participación na Hora de ler, organizada dende a biblioteca.	FL

Proporase ó alumnado a lectura voluntaria de artigos científico-tecnolóxicos. Comprobarase a súa lectura mediante a realización dun cuestionario e terase en conta na cualificación do trimestre segundo se indica no apartado correspondente desta programación.

12 ACCIÓNS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

- Á marxe do desenvolvemento dos contidos informáticos que forman parte do currículo das materias do departamento, empregaranse a aula de informática ou os convertibles do alumnado para traballar individualmente contidos teóricos da materia mediante animacións e consulta de páxinas web e tamén para utilizar

programas simuladores de circuitos eléctricos, electrónicos, mecánicos, neumáticos, etc.

- Cómtese cun canón proxector en cada aula, o que permitirá facer exposicións en base a presentacións, así como empregar recursos en soporte informático ou da rede durante o desenvolvemento das sesións de traballo.
- Cando se considere necesario, o alumnado fará uso do seu teléfono móbil para conectarse a internet ou empregar algunha aplicación.
- Potenciarase o emprego do EVA de E-Dixgal e de Agueiro para intercambio de información e actividades co alumnado e entrega de traballos.
- Realizaranse actividades para que o alumnado aprenda a recoñecer a fiabilidade da información á que accede na internet, tal como se recolle no Plan dixital de centro e en coordinación co responsable do mesmo.

13 ACCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE

- Requirir para a composición dos grupos de traballo que sexan mixtos.
- Propoñer lecturas que poñan de relevo a figura de mulleres destacadas no ámbito científico-tecnolóxico.
- Rematar de dotar as portas das aulas que aínda non o teñen cun cartel no que se expliquen a traxectoria e logros dalgunha muller destacada no ámbito relacionado ca materia que se imparte nesa estancia.
- Propoñer ás alumnas a participación no concurso RapazasNaTIC – ICT-Go-Girls!
- Conmemorar na web do centro a celebración do Día das rapazas nas TIC, Día internacional da muller e a nena na ciencia, Día internacional do orgullo LGTB, etc.
- Propoñer ó alumnado a participación no bloque Proxectamos igualdade, da web do centro, con achegas nos apartados que máis lles interesen.

14 REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

- Explicarase ó alumnado que a programación está dispoñible para a súa consulta na páxina web do centro, no apartado correspondente ó Departamento de Tecnoloxía.

- Cada curso aloxado en E-Dixgal estará encabezado cun extracto da programación no que se recollan os procedementos e criterios de avaliación e os criterios de cualificación.

A programación será revisada durante todo o curso co fin de realizar as modificacións necesarias. A revisión, a avaliación e a modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento.

O departamento realiza a avaliación en base a:

- Experiencia de cursos anteriores, recollida na memoria final.
- Seguimento do cumprimento da temporización.
- Enquisa anónima ó alumnado a través de internet onde se lle pida que valore tanto a materia como diversos aspectos da práctica docente.
- Porcentaxe de alumnos que acadan os obxectivos mínimos esixibles ó finalizar o curso académico.

15 ACTUACIÓNS E ADAPTACIÓNS PARA POSIBLES ESCENARIOS DE CONFINAMENTO TOTAL OU PARCIAL

No escenario dun posible novo confinamento domiciliario, contémplanse adaptacións de medios, de contidos e metodolóxicas.

1. Adaptación de medios

Para o ensino non presencial, e como apoio ó ensino presencial ó longo do curso, introducíranse no EVA de E-Dixgal contidos e exercicios correspondentes ás unidades tratadas. No escenario de ensino non presencial, este material pasará a ser o material principal de referencia, substituíndose as clases presenciais por reunións por videoconferencia para exposición de temas e resolución de dúbidas. Ademais, fóra das horas de conexión, o alumnado poderá manter o contacto ca profesora a través do correo electrónico e a mensaxería da aula virtual.

Os exames realizaranse, con carácter xeral, a través da aula virtual de E-Dixgal. Pode pedirse ó alumnado que os simultanee cunha conexión por videoconferencia para comprobar que se resolven sen axuda de apuntamentos ou terceiras persoas. Estas probas poden ser substituídas, cando se considere oportuno, pola realización de traballos ou a entrega de boletíns de actividades.

Os materiais dixitais utilizados e a avaliación do traballo adaptaranse ás posibilidades do alumnado, tomando en especial consideración os casos de dificultades de acceso, para os que se establecerán, segundo o caso, estratexias específicas dirixidas a manter a comunicación cos medios de que se puidera dispoñer.

2. Aprendizaxes imprescindibles

Tecnoloxía 2º: Todas (ver apartado 3.1) agás os estándares máis prácticos do currículo, que se recollen a continuación:

- bloque 1
- 10 e 11 do bloque 3
- 16, 17 e 18 do bloque 4

3. Criterios e procedementos de avaliación

Mantéñense os criterios de avaliación e cualificación para as aprendizaxes imprescindibles. Os procedementos adaptaranse ó ensino a distancia, realizando as probas e entrega de tarefas avaliáveis a través da aula virtual de E-Dixgal. No caso de realización de proxectos, documentarase o proceso de deseño e construción a través da memoria técnica a entregar na aula virtual e complementarase con conexión por videoconferencia para explicación oral dos aspectos que se consideren necesarios.

3. Metodoloxía.

Os contidos desenvolvidos ó longo da etapa non presencial terán un apoio constante a través do material ofrecido no EVA de E-Dixgal.

En caso de confinamento, a parte de informática impartirase con prácticas guiadas con apoio da profesora atendendo as dúbidas por correo electrónico, pola mensaxería de E-Dixgal ou por videoconferencia. Neste último caso, se o confinamento é da profesora ou dun grupo de alumnos, estableceranse horarios de conexión que se publicarán na AV. Se o confinamento é individual, acordarase o horario de conexión con cada alumno.

No caso de contidos teóricos, substituirase a docencia presencial por clases virtuais, nas que terá un maior peso a metodoloxía expositiva, combinándose con clases de posta en común e/ou resolución de dúbidas.

As prácticas no taller serán substituídas por simulacións informáticas accesibles ó alumnado ou, se fose posible, por prácticas guiadas a través de medios virtuais.

- Nas clases online, o alumnado ten que conectar a cámara.
- As tarefas do alumnado teñen que cumprir cos prazos, lugares e formatos de entrega indicados pola profesora para ser consideradas para a súa avaliación e cualificación.
- No caso de probas, a profesora pode pedir que o alumnado se conecte por videoconferencia e mostre a través da cámara web que está só na habitación. Non se poderá abandonar o espazo no que se está facendo a proba durante o tempo que dure esta e o exame pode ser gravado para unha maior garantía do proceso para as dúas partes. Rematada a proba, se non se trata dun cuestionario na aula virtual, o alumno ten que mostrar á cámara o exame e mandar o resultado do mesmo vía telemática.

4. Atención á diversidade.

No caso do alumnado con medidas de reforzo e ACS, deseñaranse de forma conxunta e aplicaranse de forma coordinada coa profesora de PT as estratexias que permitan o mellor aproveitamento educativo por parte deste alumnado. Farase un seguimento da súa evolución e procurarase unha comunicación individualizada.

Dentro das medidas de atención á diversidade, é preciso contemplar a continuidade do adoptado no período anterior a un escenario de ensino non presencial, por un lado, e a aparición de diversidade de acceso, por outro, que poden ou non coincidir coas posibles estratexias de atención individualizada establecidas durante a etapa presencial previa.

Será preciso, pois, avaliar dende un primeiro momento as dificultades ou particularidades de acceso do alumnado de cada grupo e materia, co fin de identificar ás persoas máis vulnerables ó novo contexto. A información correspondente utilizarase para solicitar e poñer en marcha as medidas tecnolóxicas ou funcionais necesarias, adaptando se fose preciso os medios dispoñibles e os contidos da aula virtual, co obxectivo de continuar chegando a todo o alumnado e manter activa unha canle de comunicación que permita atender a cada necesidade e garantir a cada persoa o dereito a un ensino de calidade.

A Ponte do Porto, 20 de setembro de 2022

Gema E. Lois Gómez